

## 6.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 8: Que drama!

Alumno: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Actividade 1

**Enunciado: Localiza os vulgarismos das oracións e escríbeas de forma correcta.**

• A probe muller está deseprada, perdeu o seu documento de identidade.

**A pobre muller está desesperada, perdeu o seu documento de identidade.**

• A verdá, non escoitei pola arradio os números da lotería.

**A verdade, non escoitei pola radio os números da lotería.**

• Pon o xersei non vaias coller unha polmonía cando vaias na amoto.

**Pon o xersei non vaias coller unha pulmonía cando vaias na moto.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Identifica todos os vulgarismos que conteñen textos escritos e os escribe de forma correcta.	Comete un ou dous erros á hora de identificar todos os vulgarismos presentes en textos escritos e escribilos de forma correcta.	Comete tres ou catro erros á hora de identificar todos os vulgarismos presentes en textos escritos e escribilos de forma correcta.	Comete máis de cinco erros á hora de identificar todos os vulgarismos presentes en textos escritos e escribilos de forma correcta.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica vulgarismos e castelanismos.  
Obtén información dun texto.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística  
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 2

**Enunciado:** Rodea os **castelanismos** das oracións e escribe a palabra correcta.

- No **axuntamento** **han feito** un concurso de baile por **parexas**.

**No concello fixeron un concurso de baile por parellas.**

- Veño andando deste tan **lexos** que teño as **rodillas** resentidas.

**Veño andando desde tan lonxe que teño os xeonllos resentidos.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Sempre identifica todos os castelanismos dun texto e os escribe na súa forma correcta.	Case sempre identifica todos os castelanismos dun texto e os escribe na súa forma correcta.	Cústalle identificar todos os castelanismos dun texto e os escribir a súa forma correcta.	Non identifica os castelanismos dun texto nin os escribe na súa forma correcta.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica vulgarismos e castelanismos.  
Le un texto de forma fluída.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística  
Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor  
Competencia para aprender a aprender

### Actividade 3

**Enunciado: Escribe unha oración con cada unha destas palabras.**

Hai: \_\_\_\_\_

Aí: \_\_\_\_\_

Ai!: \_\_\_\_\_

Hei: \_\_\_\_\_

**Resposta libre.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Coñece a diferenza entre <i>aí/ai!/hai, hei/ei!</i> , e sempre os emprega de forma correcta nos seus escritos	Coñece a diferenza entre <i>aí/ai!/hai, hei/ei!</i> , e case sempre os emprega de forma correcta nos seus escritos	Ten dificultades en diferenciar entre <i>aí/ai!/hai, hei/ei!</i> , e empregalos de forma correcta nos seus escritos	Non coñece a diferenza entre <i>aí/ai!/hai, hei/ei!</i> , nin os emprega de forma correcta nos seus escritos

#### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Coñece os usos de *haber/a ver, aí/ai!/hai, hei/ei!*, e aplícaos.

#### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Comunicación en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 4

**Enunciado: Completa con *haber* ou *a ver*.**

- Ten que **haber** un lapis no caixón **a ver** se o atopas.
- O luns pode **haber** un exame **a ver** se estudas.
- Esta curva é perigosa, debería **haber** un sinal, non vaia **haber** un accidente.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Emprega correctamente <i>haber</i> e <i>a ver</i> .	Case sempre, emprega correctamente <i>haber</i> e <i>a ver</i> .	Ten dificultades á hora de empregar correctamente <i>haber</i> e <i>a ver</i> .	Non emprega correctamente <i>haber</i> e <i>a ver</i> .

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Coñece os usos de *haber/a ver*, *aí/ai!/hai*, *hei/ei!*, e aplicaos.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

## Actividade 5

**Enunciado:** Que predicados pode haber nunha oración? Escribe un exemplo de cada.

Nominal, verbal.

Resposta libre.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Coñece perfectamente a diferenza entre o predicado verbal e o nominal e pon exemplos correctos.	Coñece con bastante perfección a diferenza entre o predicado verbal e o nominal e pon exemplos correctos.	Cústalle explicar a diferenza entre o predicado verbal e o nominal e por exemplos correctos.	Non coñece a diferenza entre o predicado verbal e o nominal nin pon exemplos correctos.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica e clasifica os predicados das oracións.

### **Competencias clave**

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia para aprender a aprender

## Actividade 6

**Enunciado:** Completa a táboa con cinco formas verbais de cada.

Resposta libre.

<b>Predicativas</b>	
<b>Copulativas</b>	

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Non comete ningún erro á hora de clasificar os verbos en predicativos e copulativos.	Comete menos de catro erros á hora de clasificar os verbos en predicativos e copulativos.	Comete entre catro e seis erros á hora de clasificar os verbos en predicativos e copulativos.	Comete máis de seis erros á hora de clasificar os verbos en predicativos e copulativos.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Clasifica as oracións segundo o seu predicado.

### Competencias clave

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## 7. Risca o predicado, rodea o **núcleo** e di que clase de oracións é cada unha:

- Na cociña **agardan** Mario e o seu irmán. **Predicativa.**
- As pombas **están** enriba da figueira. **Copulativa.**
- **Garda** as culleres no caixón de abaixo. **Predicativa.**
- Este traballo **non semella** moi complicado. **Copulativa.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Nas oracións, sempre identifica o predicado, o seu núcleo e as clasifica segundo eles.	Nas oracións, case sempre identifica o predicado, o seu núcleo e as clasifica segundo eles.	Nas oracións, ten dificultades para identificar o predicado, o seu núcleo e clasificalas segundo eles.	Nas oracións, non identifica o predicado, o seu núcleo nin as clasifica segundo eles.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica e clasifica os predicados das oracións.

Clasifica as oracións segundo o seu predicado.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

**Competencia para aprender a aprender**  
**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

## Actividade 8

**Enunciado: Escribe tres características que diferencien un mito dunha lenda.**

- Fala de antigos e valerosos heroes, de loitas entre os deuses que gobernaban o destino dos homes...
- A través deles as persoas tentaban buscarlle unha explicación o porqué das cousas: o movemento dos astros, o día e a noite, a creación das cousas, as estacións...
- Vén dun pasado afastado.
- Mentres que a lenda é un relato tradicional de feitos fantásticos, que poden ter un fondo histórico pero que foi deformado e esaxerado co paso dos anos.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escribe de forma correcta tres características que diferencian o mito da lenda.	Escribe de forma correcta dúas características que diferencian o mito da lenda.	Escribe, con algunha incorrección en dúas delas, tres características que diferencian o mito da lenda.	Non escribe ou non o fai de forma correcta, tres características que diferencian o mito da lenda.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Recoñece os mitos e as lendas.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en conciencia e expresión culturais



## Actividade 9

**Enunciado:** Escribe un diálogo en estilo directo entre tres persoas.

Resposta libre.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escribe con total corrección, ortográfica, gramatical e formal, diálogos en estilo directo.	Escribe con bastante corrección, ortográfica, gramatical e formal, diálogos en estilo directo.	Ten dificultades á hora de escribir con corrección, ortográfica, gramatical e formal, diálogos en estilo directo.	Non escribe con corrección, ortográfica, gramatical nin formal, diálogos en estilo directo.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica diálogos en estilo directo e escríbeos

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en conciencia e expresións culturais

Competencias sociais e cívicas

## Actividade 10

**Enunciado: Que deberías facer para realizar unha boa dramatización do diálogo da actividade anterior?**

- Facer unha primeira lectura do texto e ver os personaxes que interveñen nel.
- Volver ler o texto para fixarse nas intencións e sentimentos de cada personaxe.
- Pronunciar con corrección e usar un ton de voz adecuado a cada situación.
- Expresar os sentimentos dos personaxes coa axuda das indicacións do narrador.
- Axudarnos de xestos e acenos.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Enumera correctamente os pasos á hora de realizar a dramatización dun texto.	Enumera con bastante corrección os pasos á hora de realizar a dramatización dun texto.	Ten dificultades para enumerar os pasos á hora de realizar a dramatización dun texto.	Non enumera correctamente os pasos á hora de realizar a dramatización dun texto.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Dramatiza textos.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en conciencia e expresións culturais

## Actividade 11

**Enunciado:** Indica para que se usa cada unha das palabras destacadas do texto.

Escollín o vestido de frores para a festa que **hai** o domingo na vila. **A ver** se non chove. É o meu vestido favorito. Regaloumo a miña nai polo meu cumpleanos. Ademais, **hei** levar a chaqueta amarilla que me calcetou a miña avoa. A verdá é que ela calceta moi ben. Ela sempre me di:

—**Ai!**, filliña, antes pasaba os días **aí** tecendo mentres escoitaba a arradio, máis agora, xa vou vella de máis. As miñas mans xa están cansas.

**Hai** é a forma do presente de indicativo do verbo *haber*. **A ver** está formado pola preposición *a* e o verbo *ver* (ollar, mirar). **Hei** é a 1.<sup>a</sup> persoa do singular do presente de indicativo do verbo *haber*. **Ai!** é unha interxección que indica dor, pena ou sorpresa.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica claramente os usos de <i>haber/a ver</i> , <i>aí/ai!/hai</i> , <i>hei/ei!</i>	Identifica con bastante acerto os usos de <i>haber/a ver</i> , <i>aí/ai!/hai</i> , <i>hei/ei!</i>	Ten moitas dificultades para identificar claramente os usos de <i>haber/a ver</i> , <i>aí/ai!/hai</i> , <i>hei/ei!</i>	Non identifica claramente os usos de <i>haber/a ver</i> , <i>aí/ai!/hai</i> , <i>hei/ei!</i>

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece os usos de *haber/a ver*, *aí/ai!/hai*, *hei/ei!*, e aplicaos  
Le un texto de forma fluída.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia para aprender a aprender

## Actividade 12

**Enunciado: Busca no texto e completa.**

<b>Vulgarismos</b>	frores, verdá, arradio.
<b>Castelanismos</b>	cumpleanos, amarilla, calceten, calceta.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Identifica todos os vulgarismos e castelanismos presentes nun texto.	Comete menos de tres erros á hora de identificar os vulgarismos e castelanismos presentes nun texto.	Comete entre tres e catro erros cando identifica os castelanismos e vulgarismos presentes nun texto.	Comete máis de catro erros cando identifica os castelanismos e vulgarismos presentes nun texto.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica vulgarismos e castelanismos.  
Obtén información dun texto.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística  
Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

### Actividade 13

**Enunciado: Clasifica os verbos do texto en predicativos ou copulativos.**

Predicativos: escollín, hai, chove, regalou, hei, calcetou, di, pasaba, escoitaba, vou.

Copulativos: é, están.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Identifica todos os verbos dun texto e os clasifica correctamente en predicativos ou copulativos.	Comete menos de catro erros á hora de identificar os verbos dun texto e clasificalos en predicativos ou copulativos.	Comete entre catro e oito erros á hora de identificar os verbos dun texto e clasificalos en predicativos ou copulativos.	Comete máis de oito erros á hora de identificar os verbos dun texto e clasificalos en predicativos ou copulativos.

#### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica e clasifica os verbos das oracións.

Obtén información dun texto.

#### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

## Actividade 14

**Enunciado: Escribe de forma correcta as palabras do texto que non o están.**

Flores, verdade, radio, aniversario, amarela, tecen, tece.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Identifica todos os vulgarismos que conteñen textos escritos e os escribe de forma correcta.	Comete un ou dous erros á hora de identificar todos os vulgarismos presentes en textos escritos e escribilos de forma correcta.	Comete tres ou catro erros á hora de identificar todos os vulgarismos presentes en textos escritos e escribilos de forma correcta.	Comete máis de cinco erros á hora de identificar todos os vulgarismos presentes en textos escritos e escribilos de forma correcta.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica vulgarismos e castelanismos.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 15

**Enunciado: Busca no texto e escribe.**

- Unha oración copulativa.
- 

- Unha oración predicativa.
- 

**Resposta libre.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Clasifica correctamente as oracións segundo o seu predicado.	Clasifica, con bastante corrección, as oracións segundo o seu predicado.	Cústalle clasificar as oracións segundo o seu predicado.	Non é quen de clasificar as oracións segundo o seu predicado.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Clasifica as oracións segundo o seu predicado.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 16

**Enunciado: Escolle a palabra correcta para completar as oracións.**

- Non debería (**haber**/a ver) nada (**aí**/ai!/hai) enriba.
- (**Ei!**/Hei) non metas a man (**aí**/ai!/hai) que pode (**haber**/a ver) serpes.
- Xa (aí/ai!/hai) máis dunha hora que está (**aí**/ai!/hai) metido (haber/ **a ver**) se lle pasou algo.
- Por que (ei!/hei) de facer os deberes se mañá non (aí/ai!/hai) colexio?

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Sempre emprega correctamente <i>haber/a ver,</i> <i>aí/ai!/hai, hei/ei!</i>	Case sempre emprega correctamente <i>haber/a ver,</i> <i>aí/ai!/hai, hei/ei!</i>	Ten dificultades para empregar correctamente <i>haber/a ver,</i> <i>aí/ai!/hai, hei/ei!</i>	Non emprega correctamente <i>haber/a ver,</i> <i>aí/ai!/hai, hei/ei!</i>

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Coñece os usos de *haber/a ver, aí/ai!/hai, hei/ei!*, e aplícaos.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía



## Actividade 17

**Enunciado:** Indica o tipo de predicado que teñen as seguintes oracións.

- É o meu vestido favorito. **Nominal.**
- Agora, xa vou vella de máis. **Verbal.**
- Regaloumo a miña nai. **Verbal.**
- As miñas mans xa están cansas. **Nominal.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Identifica e clasifica con total acerto os predicados das oracións.	Comete un erro á hora de identificar e clasificar os predicados das oracións.	Comete dous ou tres erros á hora de identificar e clasificar os predicados das oracións.	Non identifica non clasifica correctamente os predicados das oracións.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica e clasifica os predicados das oracións.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencias sociais e cívicas

## Actividade 18

**Enunciado: En que estilo está o diálogo que aparece no texto? Por que?**

Estilo directo porque se reproduce literalmente as palabras do personaxe.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Sempre identifica o diálogo presente nun texto e indica, de forma razoada, o estilo ao que pertence.	Case sempre identifica o diálogo presente nun texto e indica, de forma razoada, o estilo ao que pertence.	Ten dificultades para identificar o diálogo presente nun texto e indicar, de forma razoada, o estilo ao que pertence.	Non identifica o diálogo presente nun texto ou non indica, de forma razoada, o estilo ao que pertence.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica diálogos en estilo directo e escríbeos.

Obtén información dun texto.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en conciencia e expresións culturais

## Actividade 19

**Enunciado: Define.**

**Mito:** narración que vén dun afastado pasado e fala de antigos e valentes heroes, de loitas entre os deuses que gobernaban o destino dos homes...

**Lenda:** relato tradicional de feitos fantásticos, que poden ter un fondo histórico pero que foi deformado e esaxerado co paso dos anos.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escribe as definicións de mito e lenda atendendo as características de cada relato.	Escribe, con bastante corrección, as definicións de mito e lenda.	Precisa certa axuda para escribir as definicións correctas de mito e lenda.	Non é quen de escribir as definicións de mito e lenda tendo e conta as súas características.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Recoñece os mitos e as lendas.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en conciencia e expresións culturais

## Actividade 20

**Enunciado:** Se quixeses facer a dramatización do texto, que deberías ter en conta?

Facer unha primeira lectura do texto e ver os personaxes que interveñen nel.  
Volver ler o texto para fixarse nas intencións e sentimentos de cada personaxe.  
Pronunciar con corrección e usar un ton de voz adecuado a cada situación.  
Expresar os sentimentos dos personaxes coa axuda das indicacións do narrador.  
Axudarnos de xestos e acenos.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Enumera correctamente os pasos á hora de realizar a dramatización dun texto.	Enumera con bastante corrección os pasos á hora de realizar a dramatización dun texto.	Ten dificultades para enumerar os pasos á hora de realizar a dramatización dun texto.	Non enumera correctamente os pasos á hora de realizar a dramatización dun texto.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Expón información sobre un tema.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en conciencia e expresións culturais